

Celia Blanco (Madrid, 1973). Xornalista durante máis de 20 anos en televisión, pasou por TVE, Antena 3, Telecinco, Telemadrid e La Sexta.

Fíxose popular por entrevistar a Julián Muñoz, por retransmitir as cabalgatas de reis ou polas súas reportaxes sobre a prostitución.

En 2010 abriu o blog "Cuando dejamos de soñar con ser princesas", que se convertería en libro uns anos despois: *Con dos tacones* (La Esfera de los Libros). Nel relataba as fantasías sexuais dun nutrido número de mulleres e de aí xurdiu *Contigo dentro*, o programa que dirixe e presenta na Cadena SER, que reúne 391.000 oíntes os domingos de madrugada, segundo o último Estudo Xeral de Medios. O programa aborda cada semana, con naturalidade e sen disimulos, temas ao redor da sexualidade, coma as relacións abertas, o fetichismo ou os xogos sexuais.

Colabora con *El País* no blog #LASCOSASDELATANA

Twitter: @Latanace